

VICENTE PIÑEIRO GONZÁLEZ

PEPA A LOBA

OBRA DE TEATRO EN TRES ACTOS

ISBN: 978-84-89961-23-9

CHAIRA

PEPA A LOBA

Adaptación de María Xosé Lamas da obra

“Home morto non fala nin...”

Pequeno drama mitolóxico sobre a violencia de xénero

de

VICENTE PIÑEIRO GONZÁLEZ

PEQUENA OBRA SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO

REPRESENTADA POR PERSONAXES DA MITOLOXÍA POPULAR

GALEGA.

DO QUE AQUÍ SE CONTA SON TESTEMUÑAS O PADRE FEIXOO,

MURGUÍA, RISCO, LORENZO, BOUZA BREY, FRAGUAS E

OUTROS,

É DICIR: OS NOSOS MAIORES.

PERSONAXES

Pepa a Loba

Xan Quinto

Antón da Devesa

Muller do Antón

Navallas

Sidoro, (o taberneiro).

Muller do taberneiro

Latovas

Fillo 1

Fillo 2

Granadero de Vilas

Barreiro

Ramón

Caghincho

Fillos

Cego

VOCES EN OFF

NOTA

Home morto non fala nin..., estreouse co título de Pepa a Loba no Centro Dramático Vilalbés o 18 de novembro de 2005, e de seguido representouse nos centros dramáticos de Abadín, Boi Morto e Corbelle, pola compañía CEDEUVE

TEATRO co seguinte reparto:

PEPA A LOBA, María Xosé Lamas.

XAN QUINTO, Valentín Sanjurjo.

ANTÓN DA DEVESA /TABERNEIRO, Vanessa Ferreiro,

MULLER DO ANTÓN/NAVALLAS/HOME DO SOÑO, Vanessa Hermida.

MULLER DO TABERNEIRO/MULLER DO SOÑO, Lara Ferreiro.

LATOVAS/FILLO 1, Laura Fernández.

BARREIRO/FILLO 2, Miríam Fernández.

VOCES EN OFF, Vanessa Hermida e Paulo Naseiro.

VESTIARIO E DECORADOS, Estrella Naseiro.

ILUMINACIÓN EN SON, Paulo Naseiro.

ADAPTACIÓN E DIRECCIÓN, María Xosé Lamas.

NOTA DO AUTOR

Esta pequena gargallada non pretendo que sexa un drama. Aínda que os casos coma os que aquí se tratan de violencia de xénero, dramas son abondo. Nin sequera aquí conto unha historia. Tampouco é unha obra de propaganda do xénero ni de exaltacións morais. Talvez sexa unha historia que pretendo ben trabada e unhas interpretacións que supoño serán excepcionais. Dixen que non é unha historia porque nada do que aquí se representa está documentado. Os personaxes principais, Pepa a Loba e Xan Quinto, presentoumos a Señora Mitoloxía Popular Galega coma ideais para ver un drama que talvez nunca foi, pero que nos entra na cabeza coma real polos efectos da mesma maxia que teñen os anuncios de vender gasosas. Pepa a Loba é unha bandoleira imaxinaria, capitana de bandoleiros, aínda que hai quen ousa asegurar que viviu pola segunda metade do século XIX e que en todas as comarcas de Galiza que din que andou existen noticias das súas algaradas. Hai relatos dela desde a pousada do Sodoro no Carrizo, Vilalba, até o Alto do Campelo da Regueira preto de Folgoso do Courel. De Xan Quinto podería ser Antonio Rodríguez Otero, nado en Araño, en Rianxo polo ano 1847, procesado e reclamado pola xustiza en moitos xulgados de Galiza. Pero tamén podería ser aquel coñecido en Andalucía: "Soy Juan Quinto/ Gran ladrón de Andalucía /que a los ricos robaba /y a los pobres socorría". Pero en ambos os dous casos é confundido. El, igual que Pepa a Loba, é o prototipo de bandido fero e sanguinario cos ricos e xeneroso cos pobres. Cando era neno roubaba fariña no seu pobo natal e logo fíxose bandoleiro. Arrodeouse do Navallas, do Latovas, de Granadero de Vilas, do Caghicho, do Barreiro e do seu irmán Ramón, ademais

doutros esporádicos coma o seu compadre Antón da Devesa, que é un dos protagonistas tráxicos desta obra.

O Antón da Devesa desatendía e maltratava aos seus tres fillos por atender ás queridas. Aínda que se cre que Xan Quinto morreu en Portugal, debemos dubidar seriamente de que este personaxe existise por moitas fazañas de reparto de botín que se lle atribúan. En resumo, que esta é unha comedia de medo, de tremeres disparatados, onde se perciben os volcáns enganadores de correntes subterráneas que arrastran a moitas mulleres aos abismos e nunca máis as volvemos ver. Que ocorre coa muller? Véxase, nada máis, as noticias que os medios difunden: (Muller morta dunha navallada no pescozo cando paseaba co seu fillo por un parque inglés; muller morta a marteladas xunto cos seus dous fillos porque o home viña borracho e abarrotado de cocaína; muller morta porque o seu home non aguantou que lle pedira o divorcio, Muller morta por isto e polo outro, e así todos os días). Non fai falta ir ao teatro para ver as masacres. O teatro ten que ser crítico. As postas en escena non serán unha copia do que a televisión, ou as fotos dos periódicos nos poñen diante dos ollos. O teatro hai que afastalo das masacres. Daquela, as masacres que se poden ver nesta obra teñen que se basear na crítica. Na crítica da xustiza sen citar ningún caso concreto, da política social, etc. As mulleres teñen que loitar contra o exterminio, contra a inxustiza. Talvez isto píntoo moi esaxerado, pero por veces, hai que escavar entre as rocas para poder camiñar pola vida e os barrancos son insaciabes terra dentro. Moitas mulleres teñen que escoitar o silencio, aprender a ver nas sombras e loitar contra as bestas. Parece que algúns homes non comprenden que as mulleres se lles igualan no poder. E non comprenden, ou non queren comprender, que as

mulleres poden ser bandoleiras e tan feras coma eles, (véxase o exemplo de Pepa a Loba); que poden construír templos e pazos, escavar nas covas e guerrear. Non comprenden, pois a falta de cultura abonda en moitos, que as mulleres sempre fixeron as mesmas cousas que eles. Loitaron, foron á guerra e tiveron que lavar a roupa; cebar o gando, comprar, vender, cantar, bailar, tocar a guitarra e beber o viño coma eles, fornicar con eles, parir e sacrificarse coma os animais para soster a mantenza. Deberíamos entender que a muller é unha nación, un mundo no que tivo que loitar para ser respectada, un reino que conseguiu que existira sobre a terra. Unha vez unha muller por efecto dun encanto converteuse en serpe e un home quixo matala e queimala. Coas súas cinzas ía tisanarse as pernas para meterse na espesura. Así, ningunha serpe nin outro animal velenoso o mordería e el podería durmir tranquilo durante moitos días. Pero un rei mouro pasaba por alí, Viña de librar cruentas batallas. Con el viñan os seus fillos. Eran altos e rubios, verdadeiros guerreiros e deron morte ao home que quería matala. Ela, en agradecemento regaloulle ao rei un peite de ouro co que peiteaba os seus cabelos e o rei colleuno coma recompensa. Naquel lugar din que existe unha lagoa e debaixo dela unha cidade. Os que se achegan ás beiras poden escoitar as campás, cantar os galos e latexar os corazóns. Só teñen que ter coidado dunha cousa, non pisar as flores. Din que daquela serpe inventouse a muller que era coma un chorro de luz. Nos seus ollos reflectíanse os cerros verdes e no seu sorriso os algodóns.

Os seus pasos eran firmes. Onde deixaba as súas pegadas aledábanse as herbas e era alta coma o tempo ou coma dúas fontes que colgaban do ceo. Algúns homes cando chove non saben distinguir se teñen un

ceo de aire ou se teñen un ceo de auga. Deberían darse conta que as covas deixámolos foi moito tempo.

O autor

ESCENOGRAFÍA

Cartel de cego colocado a unha beira do escenario no que aparece debuxado o romance que introduce a peza e cada escena. Biombo reversible: Por un lado representa unha cociña, polo outro unha taberna; ambas rurais (século XIX). Na taberna, dúas mesas redondas pequenas e algunhas cadeiras, xerras, cuncas e unha baralla. Na cociña, unha mesa cadrada e dous tallos, uns currunchos de pan, xerra e cunca. Unha vasoira de cana. Varias árbores núas e unha fogueira na ambientación do monte.

VESTIARIO

O correspondente á época e ás circunstancias:

Pepa a Loba: Saias longas, escuras e raídas; chambrá, pano e sombreiro de home, medias de la e zocos; unha manta que fai as veces de capa. Algúns tipos de armas.

Xan Quinto: Pantalóns de pana, camisa e zamarra de coiro; sombreiro, zapatóns e trabuco (ou algo semellante).

Antón da Devesa: Pantalóns de mahón, camisa escura, chaleco, boina e zocas calugas (ou zapatóns)

Taberneiro: Camisa ampla e clara, pantalóns escuros e zapatos.

Muller do Antón: Saias longas e raídas, chambrá ampla, mantelo, pano na cabeza e zapatillas.

Navallas, Latovas, Barreiro: Visten de xeito semellante a Xan Quinto.

Muller do taberneiro: Cambra branca e saia floreada; zapatillas, un mantelo e pano claro na cabeza.

Fillos 1 e 2: Camisetas de manga longa todas lordentas, pantalóns por debaixo dos xeonllos atados cun cordel ou cun tirante polo ombreiro, zapatillas escuras e poden levar puchas.

Bandoleiros de Pepa a Loba: De calquera xeito, xa que estarán deitados sobre o chan do escenario cubertos con mantas.

Muller e home dos soños: Un manto escuro que a penas deixa apreciar as "figuras" que deambularán polo escenario arredor de Pepa a Loba.

Pícaro: Roupas raídas de cores escuros.

Música: Soará música de cego galega.

Voz do cego.

ACTO I

Co pano baixado.

Sae un pícaro.

Comeza a soar a música do romance de cego que relata a vida de Pepa a Loba ao tempo que se ilumina un cartel situado diante do pano a un lado do escenario, onde o pícaro, criado do imaxinario cego, vai sinalando e acenando esaxeradamente as accións relatadas no romance en todas as escenas que sae.

ROMANCE DE PEPA A LOBA

(Voz do cego de Aciveiro)

Homes, mulleres e nenos
prestade oído e memoria
ás palabras deste cego
que vai contar unha historia.

No século dezanove,
andando o segundo terzo,
nace a nosa muller forte
aló en terras de Moedo.

Súa nai era a Falucha,
neses eidos bodegueira,
o seu pai era un albeite,
máis é filla de solteira.

Pepiña era o seu nome,
sen apelido e sen honra
e tería coma alcuña
no futuro Pepa a Loba.

Desde que era moi pequena
coñece fame e miseria
e viu coma aldraxaban
a súa nai con violencia.

Como froito dese día
a nai morre dun mal parto;
orfa a Pepiña tería
que mudar de cama e prato.

Ao coidado da Dorinda
-tía materna da Pepa-
pide esmola, é xornaleira
e pastora das ovellas.

Sae un día para o monte
ela e o seu can Lueiro,
cando ve chegar o lobo
que axexaba nun outeiro.

Como non coñece o medo
fai fronte ao lobo co can,
que despois dunha liorta
esnaquiza ao animal.

A Dorinda aproveitando
a sona desa fazaña,
manda á sobriña co can
polos vales e montañas.

Anda de aldea en aldea
amosando o seu pelexo,
até chegar ao que chaman
o lugar de Formigueiros.

Loubada polos maiores,
perseguida polos nenos,
déronlle en chamar A Loba,
alcuña que xa dixemos.

Sendo a Pepa xa unha moza
moi feitiña e moi belida,
métea de dependenta
nunha tenda a súa tía.

No ultramarinos de Couso
quere que sexa a Pepiña
barragana do seu dono
para sacarlle partida.

Mais o dono da taberna
outro interese amosaba,
queríalle ben á moza
e coma filla a trataba.

Quixo que aprendera letras
e a un estudante chamou,
que ensinara as catro regras
á Pepa lle encomendou.

Como era irmán do albeite
-pai natural da rapaza-
recoñeceuna por filla
e legoulle toda a herdanza.

Nada podía ir mellor,
a Pepiña estaba en Zafra,
pois tamén o instrutor
dela namorado estaba.

Non pasara moito tempo
cando o vello apareceu
cun coitelo no seu peito
cravado até que morreu.

Sospeitosos daquel crime,
a Pepa e ao mozo prenderon:
Ela saíu con condena
e ao estudante absolveron.

Novo dono da taberna,
o estudante se acadara
que con falsas testemuñas
a Pepiña condenara.

Cunha cadea perpetua,
coñece impotencia e rabia,
aínda que ela non quixera
nace o anhelo da vinganza.

Resolta un día matou
o cura daquela trena,
e vestida coas súas roupas
saíu libre da cadea.

Presentouse na taberna
coa pistola ben cinguida
e co Lueiro, o seu can,
facéndolle compañía.

Como co lobo fixera
no monte noutra ocasión,
encarouse co estudante
e ao Lueiro azuou.

Desde entón xa convertida
en fera agavelada,
á fronte dunha cuadrilla
librou mil e unha andanzas.

Moi buscada e perseguida
por veciños e xustiza,
cara ao monte vai parar
a outras terras de Galiza.

Pola comarca da Chaira
ten fama de bandoleira,
asaltante de camiños
e de muller ruda e fera.

Aínda lembran os máis vellos
de Pepa a Loba as andanzas
por Xermade e por Cospeito,
por Muras e Santaballa.

Cometeu roubos e crimes,
vivi no monte agochada,
até que un día ficou
desmantelada a súa banda.

Uns morreron perseguidos,
outros da vida axitada,
cansos ao fogar volveron
para entregarse á labranza.

A Pepa, seica cun home
que por marido trataba,
nunha casa de Roupar
habitou coma morada.

Alí morrería un día
na Abelleira instalada,
viúva, cuidando un fillo,
e non se soubo máis nada.

Pausa

Ao rematar o romance de introdución, comeza a narrar tamén a xeito da cantiga de cego a historia que se representa de Pepa a Loba, introducindo cada escena cunha cantiga.

Segue o pícaro.

Soa a voz do cego.

A historia que hoxe se conta
nesta peciña artillada,
nin é certo, nin mentira,
poida que nunca pasara.

Pepa a Loba é un mito
que vai facer a fazaña
de defender ás mulleres
coma ela maltratadas.

Atentos, pois meus señores,
atentas todas as damas
ao relato desta peza
que trae a súa ensinanza.

Nunha casa moi humilde,
unha muller soportaba
que o seu home, un perdido,
a cotío a maltrataba.

O pícaro vaise.

ESCENA I

O espazo onde se desenvolverá a escena (cociña) é o típico da aldea galega mirando para o século XIX, situada á esquerda do foro (esquerda e dereita do actor). Iluminación pobre, coma de candil. Ao comezo da escena soa unha música que irá esmorecendo para dar paso aos diálogos dos personaxes.

Antón da Devesa aparecerá sentado nun tallo bebendo unha cunca de viño, que vai enchendo e baleirando mentres conversa.

Abre o pano.

A muller do Antón varre.

ANTÓN DA DEVESA (sentado). Prepárate para unha batalla, muller, e non afíes os dentes que nuns días non che traio de comer.

MULLER DO ANTÓN (varrendo). A iso xa estou afeitada. Xa nunca me tras. Só atendes as queridas. Aínda se trataras ben os fillos!

ANTÓN DA DEVESA. Sempre me estas cos fillos, cos fillos...! Os fillos son os que me foden! Senón fosen eles a ti logo te sacudía!

MULLER DO ANTÓN. Cala, home cala, que es peor que a xente cativa! Só que a xente cativa correu tras do Benxamín de Abeledo¹ e ti só corres tras das mulleres!

ANTÓN DA DEVESA. Brúa, Brancaflor², brúa, semellas o Boi Bruón³! E dilles a eses mocosos que non choren que aínda han asolagar a casa!

Óense os fillos chorar.

MULLER DO ANTÓN (ameazante). Hei bruar o que me dea a gana!

ANTÓN DA DEVESA (erguéndose, sacudindo a pucha e volvendo a poñela na cabeza). Un nin sequera pode ir xogar a partida cos amigos.

MULLER DO ANTÓN. Se ti non tes amigos, ho!; se ti non tes amigos! Andas cos da banda de Xan Quinto que son uns borrachos

¹ Na Fonte dos caxigos, en Abeledo, un home chamado Benxamín sentiu coma unha orquestra tocando debaixo da terra -Ou, cómame o demo! E isto? -dixo-. Nese mesmo intre cesou a música e saíu á superficie un anano que se encarou co home. O Benxamín colleu medo e liscou, pero o pequerrecho seguiu un tempo até que cansou. O Benxamín seguiu a correr, cegado polo medo, pero oía os berros desesperados do anano -Ai, ho, se esperaras e falaras comigo, podíasme desencantar, pero así...!

² Filla do Demo. Aparece nunha serie de contos maravillosos actuando coma axudante do heroe poñendo ao seu servizo os seus extraordinarios poderes máxicos. O Demo ten tres fillas, Brancaflor é a máis nova. Brancaflor é branca porque é a vella Deusa dos mortos, a triplo Hécate, a Diana triplo. O relato xa está nas Argonáuticas idéntico. Brancaflor chámase Médea e o heroe Xasón.

³ O Boi Bruón sobreviviu ao asolagamento de Reirís, ou Valverde, que en realidade provocou. É un mouro encantado, de colosal tamaño, mergullado baixo as augas da lagoa de Carregal. Algúns días se poden ouvir os seus poderosos berros e bramidos, e até ver as burbullas que fai ao respirar. Debe ser parente dos Bois de Gures, e doutros bois pétreos da nosa xeografía, coma o Alto do Boi, Boimorto, o Boi Grande e o Boi Pequeno.

coma ti. Aínda que eles dormen nas súas casas e tratan ben ás súas mulleres. Pero ti andas só pola noite coma o Antaruxo⁴.

ANTÓN DA DEVESA (saíndo). Lisco, que se sigo aquí un pouco máis, métote na corte a ti e aos fillos!

MULLER DO ANTÓN. Lisca, ho, lisca, que desde que empezou a cantar a andoriña⁵, andas vermello!

Escuro.

Ilumínase o cartel e sae o pícaro.

Soa a música do romance de cego.

Soa a voz do cego.

Na taberna do Sidor,
no Carrizo, en Santaballa,
a cuadrilla de Xan Quinto
está a xogar á baralla.

Veñen gastar o diñeiro
que gañaron na xornada
asaltando nos camiños
aló polo Alto da Armada.

⁴ Vedoiro feo, alto, de cara longa e fraca, de aspecto baldroeiro, que anda de noite percorrendo os camiños e que ten por única especialidade anunciar as mortes próximas. Poida que o Antaruxo sexa un antaruxado ou un bruxo.

⁵ Paxaro que anuncia a primavera. Ténselle respecto, pois aliviou os sufrimentos de Cristo no Calvario arrincándolle co pico algunhas espiñas da coroa.

Están inzados de viño
e teñen gañas de gaitas,
fan tocar ao taberneiro
e coa súa dona bailan.

Rexeitados pola moza
con berros e con palabras,
ven entrar a Pepa a Loba
na taberna ben armada.

Todos fican en silencio,
só Xan Quinto se lle encara,
até que con verbas doces
rematan en parrafeada.

Desa noite na taberna
os dous van a ter lembranza;
Xan Quinto muda de vida,
Pepa a Loba namorada.

ESCENA II

Nesta escena preséntase a banda de Xan Quinto: O Navallas, Latovas, Granadero de Vilas, Caghicho, Barreiro, Ramón e outros esporádicos. O espazo é o da taberna do Sidorio no Carrizo, Vilalba. o taberneiro gobernará por tras da barra. A súa dona entrará cunha bandexa ao remate da escena. Todos aparecen sentados a unha mesa que ten enriba unhas xerras e uns vasos con viño tinto máis uns codelos.

Abre o pano.

Catro homes xogan á baralla.

Soa música.

O NAVALLAS (ollando para as cartas abertas na man). Vou a cento noventa.

GRANADERO DE VILAS. Eu paso.

XAN QUINTO. Eu tamén.

LATOVAS. Paso.

XAN QUINTO. Daquela, imos aló.

LATOVAS. As corenta!

XAN QUINTO (berrando). Taberneiro, trae máis viño que fican as xerras secas.

TABERNEIRO (achegándose coa xerra chea). Penso que sodes de comarcas afastadas. Vos aconsello que lisquedes axiña que está a chegar Pepa a Loba.

XAN QUINTO. E por que lle habermos ter medo a Pepa a Loba?

TABERNEIRO. Ou! Vós tedes os petos cheos de cartos e ela é unha fera que se arrodea de doce homes armados. Ademais sodes homes e a ela non lle gustan os homes que falan moito e vós estades cheos de viño e falades até polos cóbados.

NAVALLAS (que ouvira falar da Loba). Fera dis? Pois non se puido defender daquel que din que a violou, ha, ha, ha...!

Todos rin.

BARREIRO. Ao mellor lle gustaba de carallo á moi puta, ha, ha, ha...!

Todos rin ás gargalladas. Os sons das risadas óense lonxe. Fóra un can ladra a rabiar e non se sabe se tamén ri ou rifa.

LATOVAS (ao taberneiro, berrando para que se escoite a súa voz por riba do algareo). Fai calar ese can e colle a gaita que temos gañas de festa.

TABERNEIRO (achegándose á porta). Vaite de aí Pedro Chosco⁶; vai ladrar ao inferno.

Abrirá e pechará o pano.

⁶ Pedro Chosco ten figura de home de barba branca, de maneiras doces e de voz grave. É o encargado de facer durmir os nenos con suaves aloumiños, aínda que prefire amainar mozas e sobre todo criadas de servir. Din que as rolda polo día e que se entretén non deixándoas traballar. Véxase a copla: Vaite de aí, Pedro Chosco/ Non me tentes a criada,/ nin ma vistas, nin ma calzas,/nin lle pagas a soldada.

O Taberneiro toca a gaita.

O escenario é o mesmo. Só que agora os homes están borrachos e cantan, bailan e rin ás gargalladas. Entra a muller do taberneiro cunha bandexa de vasos que pousa na barra. Ao vela, o Latovas e o Navallas achéganse a ela libidinosos e groseiros, tentando apalpala e bicala. Ela trata de zafarse deles, berra e insúltaos. Ten as saias resgadas, a camisa rota, asómalle un peito e vésele unha media chea de buracos. Ela berra, chora e pide auxilio, pero ninguén se atreve a axudarlle. Os homes, aliados co viño, converteron unha partida de naipes nunha festa nacional obrigándolle a tocar a gaita ao taberneiro que, entre outros oficios, tamén era músico. O rebumbio ouvíase nos Ancares. De súpeto entra Pepa a Loba con dúas pistolas cinguidas ao cinto. Fica de pé baixo o couzón da porta. A muller do taberneiro corre onda ela buscando amparo. Todos quedan mudos e paralizados.

Deixa de soar a gaita.

PEPA A LOBA. Borrachos tiñades que estar! Demo de homes! Non sabedes pasalo ben sen metervos coas mulleres e sen beber coma o cu das fontes? (pausa breve) Quen sodes? Aquí ninguén vos coñece e eu non hai alma que non coñeza desde aquí até máis aló de onde vos chegan os ollos. Pero supoño que para vós esa pregunta é coma unha adiviña. Borrachos!

XAN QUINTO (que lle pasara a borracheira de súpeto). E quen es ti? Aínda que cos ouveos que deches é doado adiviñalo!

PEPA A LOBA. Daquela, se o sabes, tamén saberás que nunca veño soa e que teño fama de matar homes. Sobre todo cando falan de máis.

O Latovas ri.

PEPA A LOBA (ao Latovas). Podes rir o que queiras, rufián, pero se abres a boca para falar has coñecer a miña sentenza.

XAN QUINTO. E din que os homes somos os violentos e que maltratamos ás mulleres. Pois anda que ti es boa pola...!

PEPA A LOBA. Que saberás ti de min, ho! Que saberás ti de min! E logo, de que ía o espectáculo que tiñades montado hai uns intres? Vós agora non estades violentos comigo porque non tedes collóns! Só sodes machos con aquelas que aguantan para que non lles morran os seus fillos coa fame, ou aqueloutras que non teñen onde caerse mortas. Ás veces elas tampouco teñen collóns. Se vos cravaran un coitelo no pescozo coma aos porcos mentres durmides, asunto arranxado.

XAN QUINTO. Daquela, de seguro que á xustiza se lle abrían os ollos. A xustiza e os homes son o mesmo. Habíala ter boa.

PEPA A LOBA (con desprezo na fala). A xustiza! A xustiza! Esa só ve o que lle convén! Esa non se conforma cun anaco de carne; a esa hai que lle levar carne abondo para que coma e a moi puta sempre mira para outro lado e di que é cega.

XAN QUINTO. Tes sorte que eses homes te acompañan non se che reviren... Se andaras soa non haberías ter tantos fumes.

PEPA A LOBA. Eses homes están mortos e home morto, non fala!

XAN QUINTO. Nos tes preguiza. Agora has de nos querer roubar.

PEPA A LOBA. Non, porque tamén teño outra sentenza para iso. Roubar é matar! Por iso eu mato aos que me rouban. Houbo un que me roubou a virxindade cando me violou e saíulle ben caro. Desde aquela para mexar usa un canudo de couceiro que tamén usa de chifre ou de pipa onde mete o cigarro.

XAN QUINTO. Ti xa te vingaches. Pero se queres pasar a vida vingándote, tela boa.

Fóra ladra un can.

XAN QUINTO. Anda a ladrar Pedro Chosco.

PEPA A LOBA. Ca! Ese que ladra e o Lueiro, o meu can, que está fóra coa miña filla que deixou a casa de Penide onde traballaba de caseira.

XAN QUINTO. Daquela, tes unha filla?

PEPA A LOBA. Que dis, ho? Unha non, teño moitas. A que está fóra anda ás cabalgadas comigo e cos meus doce homes. As outras están

polas comarcas do Ulla; outras polos Ancares e así. Lobas teño abondo polo mundo adiante. A min os homes nunca me fixeron ascuas. Ou pensas que por que teña matado unhas ducias deles non gozo dos seus favores? Eu só mato aos que me rouban, aos que falan moito e aos violadores. Mais algún que non me satisfixo abondo, mateino tamén.

A música aumenta de volume e escurece a escena, mentres Xan Quinto e Pepa a Loba seguen na conversa sen que se lles escoite.

Escuro.

Ilumínase o cartel e sae o pícaro.

Soa música.

Soa a voz do cego.

E nun clareiro do monte,
baixo da noite calada,
a soas co pensamento
Pepa a Loba falaba.

Daba queixas aos carballos
dunha vida malfadada,
de que a trataran de fera,
de que por mostro a tomaran.

Desa vida culpa aos homes
que non só a ela maltratan,
senón a todas as femias
que sofren, choran e calan.

Moi cansa, xa en delirio,
segue a ceibar nas palabras
que confundidas co soño
en soños se lle mudaban.

Sonos que son pesadelos
nos que o amor rexeitaba
ficando na soidade
xa dona da súa alma.

Pano

ACTO II

Ábrese o pano. A escena transcorrerá no monte. No centro do escenario, moi preto da platea, unha fogueira. A carón dela Pepa a Loba cuberta coa manta. Ao fondo, por detrás e aos lados, os seus bandoleiros durmindo. Semellarán vultos no chan que apenas se perciben pola penumbra da escena. Soará música sinistra (Algo así coma ("Unha Noite no Monte Pelado" de Mossorsgky) Pepa a Loba baixo a luz da lúa percorre nos seus pensamentos todas as comarcas de Galiza que andou coma unha Nai Coraxe⁷ carretando ás súas fillas,

⁷ Metáfora de "Nai Coraxe e os seus fillos" considerada por moitos coma a obra máis destacada da produción dramática de Bertolt Brecht. Escrita en 1.939, Brecht a

comprando mercadorías e facendo negocio coma medio de vida. Pero ha pagar un alto tributo polos seus negocios: O feito de ser muller e estar soa; a violación, a crueldade dalgúns homes coma pano de fondo constante que a converten, pouco a pouco, no prototipo de muller fera coma o alcume que leva. Problema eterno, que coma as guerras, del ninguén sae vitorioso. Seres humanos vítimas e verdugos que dá o mesmo que viviran nas sociedades antigas ou que vivan nas modernas, contradicións sociais do tempo e o devir da historia...

ESCENA I

Pepa a Loba monologa.

PEPA A LOBA. Chámanme Pepa a Loba. Pero non teño esaxeradamente aguzada a dentadura, e os meu ollos non miran da maneira máis terrible. Pero os lobos foxen de min igual que foxen os homes. Cando entro nunha cova chea de lobos eles déixanma valeira e o mesmo me ocorre cos homes cando entro nunha taberna; nin os máis feros, coma Xan Quinto, me discuten. Por veces chámanme mostro, por veces Coca⁸; pero non son un animal monstruoso, non,

subtitulou "Unha crónica da guerra dos 30 anos", a máis sanguenta e devastadora de cantas asolaron Europa no século XVII. O seu estreo nas ruínas de Berlín despois da II Guerra Mundial tivo unha repercusión enorme no Teatro europeo.

Nai Coraxe, percorre coa súa carreta e os seus tres fillos os escenarios da guerra seguindo a estela dos exércitos partícipes na contenda. Non importa a bandeira que enarboren, nin a fe que defendan, só importa que poidan comprar a súa mercancía. Para Nai Coraxe a guerra é un negocio, un medio de vida. Pero pagará un alto tributo por ese negocio do que se beneficia: a vida dos seus fillos, que irá perdendo un tras outro no camiño. Ao final soa, completamente soa, continuará arrastrando o seu maltreito negocio e volverá outra vez trala estela da guerra.

⁸ Coca, Tarasca. Animal monstruoso con corpo de dragón e cola de serpe, que vive nas augas do mar ou dos ríos. Nácenlle no lombo dúas ás grandísimas, en todo semellantes aos morcegos. Ten catro patas armadas de fortes gadoupas, e na súa feroz faciana

son unha muller, unha nai cariñosa. Os monstros son os homes. Eles si que son cocas, animais monstruosos con ás de morcego que andan ás cinco patas alumeando uns ollos terribles. Eles preséntanse subitamente, xorden do seu mar embravecido e en feroces ataques devoran as raparigas que xogan nas prazas das vilas. Pero agora, que risa, cando se decatan da miña presenza, andan dun lado ao outro e bufan, ouveando de lonxe. Eu sempre fun muller humana e asistente de pobres. De cando en vez aínda me espido para bañarme nas augas das fontes, e semello unha flor que se planta a carón dos ríos para velos marchar. Se fose un mostro coma algúns cren que son, sería a Dama Encantada⁹ do castro de Redondela que sufriu unha metamorfose por culpa duns amores desgraciados e andaría a nadar polo meu río de bágoas, porque bágoas teño botado abondas para formar un río. Ese río, coma o da Dama Encantada, tamén se tería desbordado. Moitos coidan que a sorte cambia segundo o carácter, pero a miña está botada desde o día que nacín. Din que o semellante produce o semellante, pero eu non me parezo a ninguén. No entanto, sempre serei vítima dos elixidos para me dar caza, para me matar, pois poden pensar que son aquilo que pensan que son; aquilo ao que me parezo. Ou!, agora estou fatigada, a noite está sendo delirante e este rumor do vento que sucede ao silencio reláxame coma se fose unha pedra lambida pola auga. Para durmir penso en torpes plumas flotando, ou son bolboretas, cabelos, follas. Tamén vexo voar abellóns, as cores e pedaciños de estrelas. Parece que na escuridade

alumean uns ollos terribles sobre unha enorme boca con aguzada dentame. Xurdiu das ondas do mar, que estaba moi embravecido, e nun veloz ataque devorou dúas raparigas que xogaban na praza da vila en Redondela.

⁹ A Coca de Redondela sofre noutra versión unha estraña metamorfose: primeiro é unha doncela que chora por uns amores desgraciados. De tanto chorar case non se decatou que lle xurdiran ás. Quixo voar e non puido porque ao mesmo tempo lle saíra unha longa cola. Os seus beizos transformáronse nunha horrible boca de réptil e as súas bagoas formaron o río Alvedosa que rematou por arrastrala ao mar.

nada existe, pero vense sombras e olores. Nesta terra os teitos son de auga e pola noite o ceo escurécese de nubes e case nunca hai estrelas, nin ceos, nin camiños. Só delirios e ruídos. As augas amansan a terra coas poutas da tempestade e as narices de todos éñchense dun olor húmido e caseiro.

Pausa.

Detense o monólogo para escoitar ouveos aterradores, coma se os espíritos das sombras xogaran ás cabalgadas. Unha Raposa do Ar¹⁰ xeme, ladra, ouvea, berra e os seus berros percorren todos os recunchos da sala, que está escura, coma se fosen os cantos do bosque. Ten que parecer que se oen por debaixo da terra, no ar, no interior das covas e nas cabezas de cada un dos espectadores. Outras veces, porase voz de can, de cabra, de gato, de corvo, dun neno chorando, dun coro de defuntos, ou da agonía das moscas nas teas das arañas; podíase representar unha escena onde bailan con elas unha danza inacabable. Tamén se poden ver bruxas ou as mesmas

¹⁰ Coñécese tamén por Raposa, Raposiña, Raposa Facheira, Raposa de Morás, das Mordazas, das Mordanzas, do Morrazo, dos Morganzos, dos Mornacos, de Morrillas, Cabra, Zorra que canta coma se fose un galo... Case nunca ten forma visible. É un berro, un xemer, un ladrido, un ouveo estarrecedor que parece que percorre todos os lugares, casas ou recunchos por onde tivese andado a persoa que vai morrer. Óese tamén na noite e cando berra xa está morta a persoa de que se trate. Tamén pon voz de gargalladas coma de ánimas en pena chamando polos vivos. Crese que é unha alma en pena con forma de raposa que berra e bota labaradas de lume pola boca e polos ollos, sobre todo se a insultan ou se lle tiran pedras. Pode ser unha raposa voadora ou un paxaro do grandor dun pito de dous meses, negro coma un corvo, que anuncia morte. Outras veces ten forma de cadela ou cadelión, ou dun híbrido entre cadela embaixo e galo enriba a andar pola terra e polo ar. Raposa da Morte sería o seu nome máis certo. Confúndese coa cadela peregrina, coa cabra do aire, co sapo do aire e co paxaro da morte.

moscas poden selo. O público ten que estar inquieto a non ser que sexan persoas sobrenaturais ou inmortais.

Fin da pausa,

Pepa a Loba monologa.

PEPA A LOBA. O drama da miña vida podía mesturalo con pinceladas de fumes, pois humor sabio existe nesta terra. Rir, e a súa vez chorar, forma parte da nosa maneira de ser e de vivir. Canto sufrimos algunhas mulleres por este largo camiño da vida! Algunhas tivemos a mala sorte de topar con homes celosos, malignos e resentidos, que sempre queren ser máis eficaces que as mulleres en todo e ter máis poderes. Para iso mexan coma cans marcando o seu territorio, sobre o po que amontoan para provocar remuíños aos que se agarran para subir até as nubes e provocar treboadas nos seus fogares. Eles preséntansenos guapos para facer bos negocios como fan os nubeiros, pero case todos son pequenotes e teñen tanta merda enriba que non se diferencian do carbón. Outros son coma esqueletos que se descompoñen co lume: Pero uns e outros son iguais. Case sempre para librarse deles necesítase unha pechadura ou un lazo tan forte coma os que se empregan para conxurar a mesma morte. Pero homes bos tamén hai, e aínda así hai que mantelos a distancia e tratalos coma os nubeiros se acaso nos acompañan, pedirilles as pedras do vento para que non provoquen treboadas e se as provocan que leven os ventos no peito coa boca pechada. Por iso non me gusta que falen. “Home morto non fala”.

Pausa

Ou!, pero case quedo durmida; a voz do vento que pasa derrotado axúdame a durmir. Por cantos lugares haberá pasado e fuxe temeroso? De que pucheiros haberá fuxido? Ou!, o camiño interrómpe-se cos soños. O día morreu e a noite faise vella. Os pensamentos murchan e agora para chegar a mañá buscarei un atallo coma todas as noites; camiños que nunca son os mesmos, que por veces múdanse constantemente...

Pausa.

Detense o monólogo e Pepa a Loba, moi cansa, comeza a durmir e presentábenselle soños. Uns perdíanse, outros eran pesadelos e outros festivais. Viña un combate ou danza alborotada.

Para seguir esta escena porase música axeitada. No medio aparecerán voces que atorden. As palabras, "Negro destino tiveches muller", que Pepa escoita nos soños e as palabras que ela contesta: "De cadeas", acompañarán á música e as escenas.

Detrás, no escenario, se poden proxectar imaxes fantásticas poñendo unha cortina ou pantalla branca diante do leito no chan de herbas da fraga onde soña Pepa a Loba.

Dous actores vestidos coma pantasmas danzan arredor do leito de Pepa a Loba representando o seu soño, mentres ela dorme soña e dá moitas voltas baixo a manta coa que se tapa.

Un actor pregunta e outro contesta. Cando acaba o soño desaparecen.

Porase música axeitada mentres dure a escena.

VOZ DO HOME NO SONO. Nós facemos boa parella, muller. Penso que é mellor que xuntemos os camiños. Senón eu seguireite coma se fose a túa sombra até fundirme contigo nun contraluz de gozo e talvez cando te atope estarei convertido nun mostro, comereite con pracer e lambereite coma a auga que lambe as pedras.

VOZ DE MULLER NO SONO. As sendas do amor fóronme vedadas e agora ando sen rumbo a ningures. Nada existe para min, eu mesma non existo. O amor para os homes é moi lixeiro e cego e non ve os camiños senón con ollos de can ou de gato. Por iso eu ando por un camiño negro onde as sombras falan.

VOZ DE HOME NO SONO. E que che din?

VOZ DE MULLER NO SONO. Que sempre serei unha muller maltratada e que voarei coma as moscas; que me moverei por noites escuras golpeándome contra as pedras máis aló dos montes que atravesan os ríos e os meus ollos, que parecen brasas, poranse negros de perseguir as nubes escuras.

A muller do soño fai acenos de marcharse e camiña cara a un arboredo que se proxecta no escenario formando imaxes fantásticas.

VOZ DE HOME NO SONO. Non te vaias muller; sabes que te perseguirei.

VOZ DE MULLER NO SONO. É inútil que me persigas. Os camiños e as árbores enroscaranse ao amencer e elas sacudirán o orballo para borrar as miñas pegadas, coma se fosen árbores humanas, femias, mulleres románticas. Persoas que coma as pedras ven e oen; que teñen estómagos, ollos e mans, que respiran e que se pintan envolvéndose en carne de muller con doces sorrisos.

VOZ DE HOME NO SONO. Pero algún día, cando o rumor suceda ao silencio, caerás fatigada e aparecerás flotando nalgún río coma torpe pluma de bolboreta; ou quedarás ás súas beiras coma unha estruga, coma un cabelo no medio das cores envolta en sangue e en anacos de estrelas e terás que vivir nunha cova impresionada e espirrando veneno, odio que levas contra nós, os homes. Veneno que espallarás polos arroyos mensaxeiros que por todas partes flúen.

VOZ DE MULLER NO SONO. Daquela serei máis feliz e botarei lume pola boca para queimarvos as pestanas. As Chispas parecerán pedras preciosas que baixan do infinito e do escuro virán outras serpes que formarán ao meu redor un equipo de garda e escoitarás o eco do corazón das lobas.

VOZ DE HOME NO SONO. Negro destino é o teu, muller.

VOZ DE MULLER NO SONO. De cadeas.

Pano

ACTO III

Escuro.

Ilumínase o cartel e sae o pícaro.

Soa música.

Soa a voz do cego.

Naquela casiña humilde
o Xan Quinto e o Navallas
van ver polos afillados
e a comadre maltratada.

Os nenos daban as queixas,
o Navallas axudaba
e Xan Quinto fai promesa
de tomar a súa vinganza.

ESCENA I

Xa sabemos que Xan Quinto é bandido fero, sanguinario cos ricos e xeneroso cos pobres. Nesta escena interveñen Xan Quinto, os seus tres afillados e O Navallas e desenrólase na casa de Antón da Devesa cando el está ausente. Sentados a unha mesa na que aparecen uns codelos e unha xerra chea de viño máis uns vasos. Recórdese á

primeira escena que Antón da Devesa desatendía á súa muller e maltrataba os seus fillos por atender as queridas.

Abre o pano.

O NAVALLAS. Tes que lle rifar ao teu compadre. Aos teus afillados mátaos a paus cando lle piden de comer. Só ten tempo para andar coas queridas.

XAN QUINTO. Déixao da miña conta que xa lle darei un escarmento.

AFILLADO 1. Ai!, padriño, Deus lle pague o que por nós fai. Estamos a soas coma quen di, que até mi madre pasa os días agochada e chorando polos desgustos que mi padre lle dá.

AFILLADO 2 (con carraxe). Se eu puidera con el haberíao matar coma un porco.

AFILLADO 3 (ao afillado 2). Anda, déixalle iso ao padriño.

XAN QUINTO. O voso pai é o Demo. Anda coma un espírito amador tras das mulleres novas, tenras e saborosas.

O NAVALLAS. É un canalla.

XAN QUINTO. Para el os días sempre son claros, quentes e perfumados e nese ambiente apoderase del un desexo louco de

fornicar. Anda polo mundo coma os peixes polo río, áxil e livián, rebotando de muller en muller coma pluma sen peso.

O NAVALLAS. Puidémoslle mandar a aquela pastora dos lobos que se chama Pepa a Loba.

XAN QUINTO. As doncelas piden axuda e nós teremos que axudalas. Moitas son enfeitizadas prometéndolles matrimonios sagrados coma os da vexetación e a auga. Pero elas case sempre saen defraudadas. Os homes ás veces somos coma dragóns, grandes cómicos e mentireiros, serpes de moitas cabezas, monstros que chegan cruzando o mar até unha illa mesturados entre os Jins ou os xenios rebeldes das Mil e unha noites en barcos con aparencia de lámpadas prendidas. Nós somos coma os habitantes desas illas, e cando vemos chegar o barco collemos unha doncela, acicalámola e despois conducímola até a beira deixándoa soa toda a noite, pechada nunha caverna cunha soa ventá. Cando imos pola mañá atopámola morta e sen virgo.

AFILLADO 1. Pero iso soa a conto de fadas e en todos os contos hai un heroe que sempre salva as doncelas.

AFILLADO 2. Ese heroe é o tío.

AFILLADO 3. É verdade.

NAVALLAS. Iso dicídelo porque non coñeces a Pepa a Loba.

XAN QUINTO. Tense escrito en moitas historias que un oposito mozo mata o mostro e recibe a man da doncela coma premio. Pero iso só é nos contos, pois na realidade o oposito mozo pode ser un dragón que se come a doncela coma premio e acábanse as pelexas.

Escuro

Ilumínase o cartel e sae o pícaro.

Soa música.

Soa a voz do cego.

Chegou Antón da Devesa
coa borracheira preñada
e preguntoulle a Xan Quinto
que é o que fai na súa casa.

E Xan Quinto agarra un ferro
co que se atizan as brasas
e atízalle ao seu compadre
que sae morto da casa.

Comeza a soar outra música distinta, que esmorecerá ao comezar a seguinte escena.

ESCENA II

Aparece Xan Quinto e Antón da Devesa presentando unha escena de violencia.

Tras dunha porta, Xan Quinto cun tranco na man agarda por Antón da Devesa.

Os fillos foxen e agardan fóra agochados.

ANTÓN DA DEVESA. Quen es ti? Non te recoñezo.

XAN QUINTO. Un crocodilo xigante e con ás a punto de trabarche os dentes para facerche pagar o dano que lles fas aos meus afillados e á súa nai.

ANTÓN DA DEVESA. Daquela, ti de que lado estás? Por que habemos pelexar ti máis eu? Se me matas a xustiza vingame.

XAN QUINTO. Non me fagas rir. Eu para xustiza son un dragón e as súas frechas só me rozan a pel e me fan cóxegas. Son un bandoleiro, pero non son un cabrón. Eu nunca me deixei guiar con ese hábito que ti te guías coas mulleres. E coa xustiza teño moitas contas que arranxar; unha máis pouco suma. Se isto che ocorrese con Pepa a Loba xa non terías esta conversa. A ela non lle gustan os homes que falan moito.

ANTÓN DA DEVESA. Entón agora es o defensor das mulleres maltratadas? Serás o faime rir de todos os que te coñecen e dos outros tamén.

XAN QUINTO. Estou farto de que para manter a miña posición de macho me ofrezan unha vítima cada mes. Os xuíces e os políticos son os primeiros verdugos das mulleres maltratadas e eu non quero ser coma eles. Estou farto de que me dean as queixas e que se anoxen comigo porque co meu silencio axudo a despoboar a terra de mulleres por causa de non izarme contra os abusos. Ouvindo dicir, incluso á xustiza, que iso non é verdade, que as mulleres se aproveitan dos contos e das invencións dos homes. Todos din que son contos de fadas, falirías, lendas, fábulas, chascareillos, puras invencións...

ANTÓN DA DEVESA. Entón que sería dos contos de fadas se de cando en vez non se sacrificara algunha doncela casada ou solteira?

XAN QUINTO (arreándolle a Antón da Devesa un trancozo na testa, deixándoo case morto tirado no chan). Ti contos deses non volverás ouvir.

Vaise e tira a tranca no chan manchada de sangue.

Os fillos de Antón da Devesa collen a tranca, entran e nunha violenta escena rematan o pai a paus no chan até matalo de todo.

FILLO 1. Agora has ser bo e se volves até aquí desde o Máis Alá habémosche cortar a lingua para que non volvas rir nin falar. “Home morto non fala.”

Entra Xan Quinto.

XAN QUINTO. Deixádeo ir por ese camiño. Perdestes un pai que contaba miserables contos vellos e non era nin sabio nin filósofo, artista tolo ou xenio... Agora correde coma se forades á caza do amor. Dádevos presa porque a xustiza agardaravos até na saída das covas; ela é hábil no camuflaxe e esconderase ben. Vós non me entendedes? Seguides sen comprender? Se a xustiza é descuberta e escapades dela, daralles o premio a outros que vos cacen. Acostumádevos a loitar contra o extermino. Os homes son crueis, desapiadados e fanáticos. Pero se queredes matar e non ter problemas coa xustiza, matade unha muller.

Escuro.

Soa música de cego.

Ilumínase o cartel e sae o pícaro.

Soa a voz do cego.

Aquí remata esta historia
dunha muller malfadada
que se chama Pepa a Loba
agardo que lles gustara.

PANO